



Convocatoria de axudas a programas de actividades estudiantís 2024

A Universidade da Coruña (UDC) publica esta convocatoria de axudas a programas de actividades estudiantís para o ano 2024, destinadas ás asociacións da universidade da Coruña, legalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Asociacións de alumnos/as e antigos/as alumnos/as da UDC (RAE/RAAE-UDC).

1º Obxecto

Mediante esta convocatoria preténdese estimular e incrementar tanto as actividades realizadas polo estudiantado actual como polo estudiantado egresado da UDC no ámbito científico, cultural e deportivo, co obxectivo de fomentar hábitos participativos, a difusión do coñecemento da oferta académica e a promoción e prestixio desta institución universitaria. Para os efectos, esta convocatoria recolle os seguintes programas de actividades:

- a) Dinamización da información e participación estudiantil.
- b) Promoción e desenvolvemento científico, cultural, artístico e deportivo.
- c) Preparación para o exercicio de actividades profesionais.
- d) Promoción das titulacións da UDC.
- e) Promoción e dinamización en materia de tolerancia e igualdade.
- f) Calquera outra actividade que favoreza o desenvolvemento da participación activa do estudiantado na súa propia formación e na libre manifestación de opinións científicas.

Quedan excluídas desta convocatoria as actividades de carácter académico previstas nos programas de estudos das diferentes titulacións da UDC, e tamén aquelas realizadas polos diferentes servizos desta Universidade.

2º Condicións das entidades solicitantes

Poderán ser beneficiarias destas axudas as asociacións da UDC inscritas no RAE/RAAE-UDC legalmente constituídas e cuxa xunta directiva estea formada unicamente por estudantes ou antigos/as estudantes da UDC, e que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Asociacións de estudantes:

Deberán cumprir cos requisitos establecidos no artigo 20 do Regulamento de asociacións de estudantes, aprobado na xuntanza do Consello de Goberno do 19/12/2005 e modificado na xuntanza do 26/11/2009.

Cada asociación só poderá presentar unha única solicitude na que constarán todas as actividades para as que se solicita a axuda.

- b) Asociacións de antigos/as estudantes

Deberán cumprir cos requisitos establecidos no Regulamento de asociacións de antigos/as estudantes da UDC, aprobado na xuntanza do Consello de Goberno do 20/07/2017.

Cada asociación só poderá presentar unha única solicitude na que constarán todas as actividades para as que se pretende a axuda.

3º Financiamento

Esta convocatoria de axudas a programas de actividades estudiantís ten unha dotación económica de 30.000 €, que será financiada con cargo á partida orzamentaria 03.OA.422D.48001, denominada "Axudas ás asociacións e grupos de estudantes da Vicerreitoría de Estudiantes e Empregabilidade".



4º Documentación

A solicitude presentárase no modelo normalizado do anexo I, dirixida á Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade, xuntando a seguinte documentación:

- a) Programa detallado das actividades que se van realizar.
- b) Orzamento detallado das actividades que se van realizar (o importe total solicitado por cada asociación non poderá superar o 50 % da cantidade da partida asignada a esta convocatoria).
- c) Fontes externas de financiamento, se as houber.
- d) Cada actividade situarase dentro dos programas e actividades para os que se solicita a axuda como consta na ficha de solicitude.

No caso de coincidencia temática con outra proposta da mesma asociación, e dado o carácter das actividades, consideraranse como unha soa actividade.

Poderanse xustificar as actividades realizadas do 01/11/2023 ata o 30/09/2024, coa obriga de presentar unha memoria de actividades antes do 30/09/2024.

5º Lugar e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse:

- a) No Rexistro Xeral da UDC (Reitoría, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña).
- b) No Rexistro Auxiliar da Zapateira-Elviña (baixo da Facultade de Ciencias, campus da Zapateira, A Coruña).
- c) No Rexistro Auxiliar de Ferrol (Edificio de Usos Administrativos, rúa Dr. Vázquez Cabrera, s/n, campus de Esteiro, Ferrol).
- d) A través da sede electrónica da UDC, co seguinte enderezo web: <https://sede.udc.gal>
- e) No Servizo de Estudantes (Pavillón de Estudantes, Campus Elviña).
- f) Mediante o envío da documentación a través de calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou norma que a substitúa.

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto dende o día hábil seguinte ao da publicación desta convocatoria ata o día 01/03/2024.

6º Comisión de Selección

A Comisión de Extensión Universitaria, delegada do Consello de Goberno, será a encargada de estudar e propor de forma priorizada a selección de solicitudes. A súa composición é a seguinte:

- a. Vicerreitorías
 - Lombardía Cortiña, María José (presidenta)
 - López Villar, Cristina
- b. Representantes do persoal docente e investigador
 - Ávila Álvarez, Adriana Ivette
 - Busto Lago, José Manuel
 - Calvo Rolle, José Luis



- Castro Souto, Laura Milagros
 - Muñoz Cantero, Jesús Miguel
 - Romero Gómez, Manuel
- c. Representantes do estudantado
- Blanco Ameijenda, Francisco Enrique
 - Sueiro Méndez, Laura
- d. Representantes do persoal de administración e servizos
- Cantarero Roldán, Alicia
 - Crecente Maseda, María Antonia

A Comisión poderá conceder axudas de menor contía ás pretendidas en función do número e das características das solicitudes presentadas e das limitacións orzamentarias.

A lista provisional de solicitudes admitidas publicarase no taboleiro electrónico oficial da UDC (TEO), e abrirase un prazo de 5 días hábiles para presentar alegacións. A resolución das actividades aprobadas será publicada no TEO.

Igualmente, notificaráselle a cada asociación solicitante o importe da axuda concedida, para facernos chegar, se procede, a súa aceptación.

7º Baremo

Os criterios para a avaliación serán os seguintes:

- a) Porcentaxe fixo para cada solicitante: 20%
- b) Número de estudantes e centros potencialmente beneficiarios das actividades: 20%, 35%, 50%
- c) Carácter continuado e non simplemente ocasional das actividades: 4%
- d) Resultados obtidos en convocatorias anteriores: 4%
- e) Capacidade para xerar procesos de participación, potenciación da tolerancia e igualdade: 5%
- f) Viabilidade do proxecto en función dos recursos do grupo promotor: 5%
- g) Fontes de financiamento externo solicitadas ou concedidas: 3%
- h) Colaboración na difusión das titulacións da UDC ao alumnado dos centros de educación secundaria, bacharelato e formación profesional que visiten os centros da UDC: 10%
- i) Colaboración e participación coa Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade, e con outras vicerreitorías, na difusión das súas actividades: 5%
- j) Colaboración con entidades benéfico-sociais e outras propostas: 4%

A contía total por actividades financiadas asignada a cada unha das entidades solicitantes non poderá superar os 3500 €.

8º Obrigas das entidades adxudicatarias

Coa aceptación da axuda concedida, cada asociación solicitante comprométese a realizar as actividades programadas.



Calquera modificación substancial do programa orixinalmente proposto deberá ser notificada á Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade para a súa toma en consideración e conceda a súa autorización para realizar a actividade correspondente.

Na publicidade das actividades e, de ser o caso, nas publicacións derivadas, farase constar expresamente que foron financiadas ou cofinanciadas pola Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade da UDC.

As asociacións beneficiarias deberán presentar na Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade, entre o 01/09/2024 e o 30/09/2024, unha memoria das actividades realizadas ao abeiro desta convocatoria, acompañada das evidencias correspondentes. No caso de actividades suxeitas a unha achega económica por parte das persoas inscritas, a esixencia da dita achega ten que ser debidamente xustificada na súa memoria de actividades.

Ademais, os datos das asociacións de estudantes terán que estar actualizados, como establece o artigo 20 do Regulamento de asociacións de estudantes, aprobado na xuntanza do Consello de Goberno do 19/12/2005 e modificado na xuntanza do 26/11/2009.

As asociacións de antigos/as estudantes deberán comunicar/confirmar os datos da súa xunta directiva á Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade antes do 31/10/2024.

9º Incumprimento

O incumprimento da obriga de presentar en prazo e forma a memoria á que se refire o 4º parágrafo do punto anterior, e o resto dos compromisos adquiridos coas propias bases da convocatoria, producirá a suspensión da axuda concedida.

10º Seguimento

Para o seguimento e control das axudas concedidas, a Comisión de Extensión Universitaria, delegada do Consello de Goberno, a través da Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade, poderá solicitar ás asociacións canta documentación considere necesaria.

Tamén se reserva o dereito a comprobar os contidos da solicitude de subvención, verificar a realización das actividades subvencionadas e difundir e dar a coñecer estas publicamente.

11º Pagamentos

Os pagamentos derivados da aplicación das axudas deberán xustificarse documentalmente a través das correspondentes facturas, xunto coa memoria de actividades, nos lugares indicados no apartado 5º desta convocatoria, antes do 30/09/2024. Os devanditos pagamentos serán tramitados e librados aos receptores últimos polo centro de gasto da Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade.

Tamén poderán enviarse as facturas por correo electrónico, no caso de que foran recibidas das empresas por ese medio. Neste caso achegarán unha declaración de veracidade.

12º Incidencias

A Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade resolverá todas as consultas, dúbidas e incidencias que se produzan na aplicación desta convocatoria.

13º Protección de datos

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos ("Regulamento xeral de protección de datos" ou RXP), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámolo/a de que os datos que as asociacións interesadas faciliten mediante a concorrencia a esta



convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cos seguintes datos de contacto: rúa da Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal

A solicitude de axuda ao abeiro desta convocatoria supón a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os datos das asociacións e os datos proporcionados por estas sexan utilizados pola UDC, de acordo coa LOPD e con base de lexitimación nalgunha das bases previstas no artigo 6 do RXPDP, coa finalidade da correcta xestión das axudas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, as asociacións de estudantes interesadas consenten expresamente a publicación dos seus datos na resolución da convocatoria no taboleiro electrónico oficial da sede electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no devandito taboleiro.

Os datos persoais facilitados polas asociacións de estudantes serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollido na LOPD.

As asociacións interesadas consenten o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terán dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Teñen dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos e a limitación do seu tratamento. Tamén terán dereito a opoñerse ao dito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Tales dereitos poderanse exercer:

a. Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que se pode cubrir na sede electrónica da UDC (<https://sede.udc.gal/>), no apartado Outros trámites;

b. Mediante solicitude ao responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), cun escrito dirixido ao enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da UDC, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, ou ao correo electrónico rpd@udc.gal; tamén se pode presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da sede electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC;

c. Mediante solicitude á persoa que sexa a delegada de Protección de Datos, cun escrito dirixido ao mesmo enderezo postal antes indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal; tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da dita sede electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.

Do mesmo xeito, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

14º Disposición final

Para os efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta convocatoria e os sucesivos actos de procedemento a que atinxe, cuxa publicación se determina nestas bases, serán publicados no TEO da UDC.

A Coruña, na data da sinatura dixital



Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade

María José Lombardía Cortiña



Anexo I. Solicitud de axudas a programas de actividades estudiantís 2024

Nome da asociación:

Apelidos e nome da persoa que preside a asociación (ou persoa na que delegue).
.....

Enderezo para os efectos de notificación:

.....

Teléfono de contacto: Correo electrónico:

Actividade	Datas de realización da actividade	Axuda que se solicita	Axuda que se concede

A Coruña, de de 20

Asdo.:

VICERREITORÍA DE ESTUDANTES E EMPREGABILIDADE